

CONCELLO DE PONTEAREAS***BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DE MAIORES 2023*****1.- INSCRICIÓN**

Poderán participar no concurso de disfraces de maiores todas as persoas ou grupos con un máximo de 3 compoñentes e cunha idade mínima de 13 anos. As /os interesados interesados en participar terán que presentar unha solicitude través da Sede Electrónica, ou a través do rexistro de entrada do Concello de Ponteareas antes das **13 h do 20 de febreiro**.

O concurso celebrarase o luns, día 20 de febreiro de 2023 na Praza Maior e en caso de choiva trasladarase á sala multiúsos do Auditorio Municipal de Ponteareas.

No momento da inscrición as/os menores de idade deben presentar unha autorización asinada pola/o nai/pai/titor/a legal na que se autorice a participación e para poder fotografar ou gravar imaxes da/do menor para difundir polas redes sociais.

As / os participantes deben asinar un documento para que o Concello de Ponteareas poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, coa axenda tributaria e na ATRIGA e a ficha de terceiros do Concello debidamente cumprimentada, ou ben presentar os certificados actualizados no momento da inscrición.

O número máximo de participantes será de 40 inscricións. A orde de participación será a de inscrición.

2.- PREMIOS

As persoas participantes deberán esperar ao remate do concurso, para comunicarlles o resultado do mesmo. Os premios entregaranse ao remate do concurso, deberán recollelos co disfraz co que se presentaron posto, sexa a título individual ou colectivo, en caso contrario, serán descualificados.

As/os participantes recollerán un vale polo valor do premio que se ingresará unha vez realizados os trámites administrativos establecidos pola lei vixente. Outorgaranse os seguintes premios:

- Primeiro premio: un premio en metálico por valor de 350 €
- Segundo premio: un premio en metálico por valor de 200 €

- Terceiro premio: un premio en metálico por valor de 150 €
- Cuarto premio: un premio por metálico por valor de 100 €
- Quinto premio: un premio en metálico por valor de 75 €

Os premios recollidos nestas bases, por un importe máximo de 875 euros, concederanse con cargo ao orzamento municipal do ano 2023, partida 33000-4802015

Estas premios están suxeitos ás correspondentes retencións, agás no caso que corresponda exención.

3.- XURADO

O xurado estará integrado por persoas relacionadas coa vida cultural, social e artística e valorará a orixinalidade, colorido dos disfraces, o traballo e bo gusto na súa realización. Valoraranse especialmente aqueles disfraces que sexan de confección artesanal e non presentados noutros certames ou concursos. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios. O fallo do xurado será inapelábel.

4.- PUBLICIDADE

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS, en adiante) comunicáraselle esta subvención á Base de Datos Nacional de Subvencións. Ademais publicaranse no Taboleiro de Anuncios electrónico e na páxina web do Concello, así mesmo publicárase o resultado das mesmas nos mesmos medios.

5.- DISPOSICIÓN FINAL

Calquera cuestión non contemplada nas presentes bases será resolta segundo o criterio da organización, sen estar esta obrigada a comunicalo previamente. A participación neste concurso de disfraces supón a aceptación das presentes bases.

Queda prohibido o uso de materiais perigosos que poñan en perigo a integridade dos presentes.

O Concello non se fará responsable dos danos ocasionados antes, durante e despois do concurso nin os ocasionados ou sufridos por actitudes negligentes e/ou imprudentes dos participantes

(asinado electronicamente)